

**Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 4 de novembro de 2022 (DOG núm. 216 de 14 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 190 do 05/10/2022)**

En sesión que tivo lugar o día 13 de decembro de 2022, o tribunal designado pola Resolución do 4 de novembro de 2022 (DOG núm. 216 de 14 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 216 do 14/11/2022)

**ACORDOU:**

1. Feita a corrección dos cuestionarios da primeira proba da fase de oposición, segundo o establecido na base 5.2 da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe de persoas aspirantes coas cualificacións obtidas no primeiro exercicio por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que resultaran admitidas no proceso e que non figuren nesta listaxe teñen a cualificación de non presentado.

2. De acordo co establecido na base 5.3.7 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas á súa cualificación, no prazo de cinco días, que se contarán desde a publicación desta resolución na web da Agasp.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación. Non se terán en conta as alegacións ás cualificacións que non cumpran o establecido neste parágrafo.

Tal e como establece a convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. A segunda proba do proceso selectivo terá lugar o día 23 de decembro de 2022, en chamamento único que comezará ás 10:00 na Aula 10 da Academia Galega de Seguridade Pública. Esta proba será posteriormente lida ante o Tribunal do proceso, inmediatamente despois da súa realización, no horario que se publicará na páxina web da Agasp.

Tal e como establece a base 8.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 13 de decembro de 2022

A presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro



## Anexo I

### Listaxe de cualificacións provisionais da primeira proba

NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Cualificación
***893***	PORTO	JUSTO	FRANCISCO JOSE	8,333
***651***	GUIZAN	VILASUSO	JOSE CARLOS	8,222
***452***	VAZQUEZ	DOMINGUEZ	JUAN DIEGO	7,444
***163***	BAAMONDE	PAZ	FRANCISCO JESUS	7,000
***577***	LOPEZ	SANTANA	ANTONIO JOSÉ	6,111
***923***	GARCIA	VEIRO	JOSE ARMANDO	6,000
***122***	OTERO	SOTELO	MARCOS	6,000
***018***	COSTAS	PEREZ	DAVID	5,778
***966***	MARTINEZ	PARDO	SANTIAGO JESÚS	5,444
***630***	BRAGE	RODRIGUEZ	XOSE LOIS	5,222